2021/TRIBUNAL/0000018

ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DE DÚAS PRAZAS DE ADMINISTRATIVO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL, INTEGRADAS NO GRUPO "C", SUBGRUPO C1, DA SUBESCALA ADMINISTRATIVA DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, INCLUÍDAS NA OEP 2020 POR PROMOCIÓN INTERNA

RESULTADO DO SEGUNDO EXERCICIO.- Reunido o Tribunal para proceder á cualificación do contido da proba realizada pola aspirante convocada, aplicando os criterios de cualificación establecidos na base quinta, apartado b) das específicas da convocatoria, acordou, por unanimidade, declarar a aspirante convocada ao segundo exercicio como NON APTA ao non acadar a puntuación mínima para superar o exercicio.

PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE DESERTA.- A vista de que ningunha aspirante superou os exercicios do proceso selectivo, o Tribunal propón que se declare deserta a corbertura de dúas prazas de administrativo/a de administración xeral, integradas no grupo "C", subgrupo C1, da subescala administrativa da escala de administración xeral, incluídas na OEP 2020 por promoción interna.

RECURSOS.- Contra as resolucións do Tribunal e os seus actos de trámite cualificados, como son a asignación de puntuacións e declaración de non aptos nos exercicios; poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a Concelleira delegada do servizo de persoal e cultura do Concello de Pontevedra, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas.

Non obstante, os/as interesados/as tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente e este o sexa consonte a dereito.

PUBLICACIÓN DO RESULTADO.-O Tribunal dispón que polo secretario se publique no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra e, de forma complementaria, na Sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal) o resultado do segundo exercicio e do procedemento selectivo.

O Secretario do Tribunal na data da sinatura electrónica

Asinado por: MIGUEL ANGEL BARROS CASTRO
Servizo: SERVIZO DE DEPORTES
Cargo: ADMINISTRATIVO
Data: 24/05/2021
Este documento foi asinado electronicamente conforme á lexislación de sinatura electrónica

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:XOLGK193VEQXJU9R